

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

BONO IMPULSO- SOLICITUDE PARTICULARES

O luns día 03 de maio de 2021 saíron publicadas no B.O.P. as bases reguladoras e a convocatoria do programa Bono Impulso da Deputación Provincial de Lugo destinado ao fomento do consumo de bens en establecementos comerciais locais e de hostalaría (incluídos servizos de aloxamento) da provincia de Lugo.

Publicada a listaxe de establecementos adheridos ao programa, ábrese o prazo para que aqueles interesados no programa poidan solicitar o seu bono, bono que inclúe un **desconto por un valor de 30€ sobre unha compra mínima de 60€ en ditos establecementos.**

INSTRUCCIÓNS PARA A SOLICITUDE DO BONO

- Cubrir o anexo de solicitude colgado na páxina web www.deputacionlugo.gal, podendo presentalo no rexistro da Deputación ou nalgún rexistro público (Concello, oficina de correos...) ou ben a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.
- Os solicitantes recibirán o bono no seu domicilio, xunto coa listaxe cos establecementos adheridos.

Cada bono debe gastarse nun único establecemento adherido situado no concello de residencia/empadramento dos consumidores. A efectos de valorar o lugar de residencia, salvo outro documento válido, tomarase como referencia o domicilio que conste no DNI/ Certificado de empadramento.

ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS NO CONCELLO DE MEIRA

- ALMACENES MÉNDEZ SL
- BICOS DE FÍO SL
- CASA CAZOLEIRO
- DOMÍNGUEZ AUTOMOCIÓN MEIRA SL
- PARRILADA MESÓN O POZO SL
- ROCÍO R. CALZADOS E COMPLEMENTOS

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo para solicitar os bonos será dende o día **01 ao 21 de xuño de 2021**. O procedemento de asignación dos bonos é o de concorrencia non competitiva, é dicir, por orde de presentación de solicitudes.

O prazo máximo para o consumo dos **bonos rematará o 31 de agosto**.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 01 de xuño de 2021.

O Alcalde,


Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.